



**RESOLUCIÓN DO 14 DE MAIO DE 2026, DA XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE,  
POLA QUE SE ANUNCIA A CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN, POLO PROCEDIMENTO  
DE LIBRE DESIGNACIÓN, DE DIVERSOS POSTOS DE XEFE/A DE SERVIZO DE ATENCIÓN PRIMARIA**

O Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo) regula a provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

En desenvolvemento do citado Decreto, ditouse a Orde da Consellería de Sanidade do 24 de maio de 2006 (DOG nº 106, do 5 de xuño), pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

Con base no exposto, a Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee, ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 3 da citada Orde do 24 de maio de 2006 (DOG nº 106, do 5 de xuño), pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde,

**RESOLVE**

Convocar, para a súa cobertura polo procedemento de Libre Designación, os postos de Xefe/a de Servizo de Atención Primaria que se indican no Anexo II, así como aprobar as Bases (Anexo I), as características e funcións dos postos convocados (Anexo II), e o modelo de solicitude de participación (Anexo III), que rexerán na presente convocatoria.

As retribucións dos postos ofertados serán as que correspondan segundo a Orde da Consellería de Facenda, pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da administración autonómica.

No procedemento de provisión das prazas que se convocan resultan de aplicación as normas xerais de procedemento contidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, as específicas de provisión de prazas de persoal estatutario contidas na Lei 55/2003, do 16 de decembro, pola que se aproba o Estatuto



Marco do persoal estatutario dos Servizos de Saúde (BOE de 17 de decembro de 2003), no Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo) polo que se regula a provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde e na Orde da Consellería de Sanidade do 24 de maio de 2006 (DOG nº 106, do 5 de xuño), pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde e demais de pertinente aplicación.

Contra a presente Resolución poderá interperse recurso de alzada perante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, nos termos dos artigos 121 e seguintes da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**DILIXENCIA:**

Para facer constar que o día 26 de maio de 2026, publícase no DOG n.º 96 o anuncio da presente convocatoria, e procédese á súa publicación na páxina web do Servizo Galego de Saúde e na páxina web do Espazo do Profesional da Área Sanitaria da Coruña e Cee.

O Director de Recursos Humanos

Asdo.: Javier Fernández Nistal

A Coruña, 14 de maio de 2026

O Xerente da Área Sanitaria da Coruña e Cee

Asdo.: Luis Verde Remeseiro



## ANEXO I

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA O PROCEDIMENTO DE PROVISIÓN DE DIVERSOS POSTOS DE XEFE/A DE SERVIZO DE ATENCIÓN PRIMARIA

### **Primeira. Obxecto e funcións**

A presente convocatoria ten por obxecto a provisión, polo procedemento de libre designación, dos postos de Xefe/a de Servizo de Atención Primaria que se indican no Anexo II.

As características e funcións dos postos convocados son as que se sinalan no propio Anexo II.

### **Segunda. Sistema de selección**

A selección dos/as aspirantes aos postos convocados levarase a cabo, segundo o disposto no artigo 45 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e artigo 12 da Orde do 24 de maio de 2006, pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, polo procedemento de libre designación.

### **Terceira. Requisitos dos/as aspirantes**

Para seren admitidos no citado procedemento de provisión, os/as aspirantes deberán reunir no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento da toma de posesión os seguintes requisitos:

- a) Ser persoal estatutario fixo licenciado sanitario, en situación de servizo activo en praza adscrita ao Servizo obxecto da convocatoria, da categoría e/ou especialidade que habiliten para acceder as prazas básicas do grupo A1 de clasificación do correspondente servizo.
- b) Tres anos de experiencia profesional na categoría e/ou especialidade referida nas Institucións Sanitarias do Sistema Nacional de Saúde



#### **Cuarta. Solicitudes e documentación**

As persoas interesadas en participar na convocatoria deberán presentar a solicitude, segundo modelo de instancia que se xunta como Anexo III, que estará a súa disposición na Oficina do Espazo do profesional da Área Sanitaria da Coruña e Cee, así como na páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)), debendo achegar ademais xunto coa solicitude:

- 1.- Documento de identificación: fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que acredite a identidade, debidamente compulsados.
- 2.- Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos de admisibilidade, establecidos na base terceira da Resolución da convocatoria; acreditación que deberá efectuarse mediante:
  - 2.1.- Certificación de servizos prestados, acreditativa de que ostenta a condición de persoal estatutario fixo da categoría e/ou especialidade que habiliten para acceder as prazas básicas do Servizo, e situación de servizo activo adscrito o Servizo de Atención Primaria da Área Sanitaria da Coruña e Cee ao que opta, así como da experiencia mínima de tres anos na devandita categoría.
- 3.- Méritos: xunto coa solicitude deberá aportarse a documentación compulsada acreditativa dos méritos alegados .

Os/As aspirantes deberán ter debidamente rexistrados os méritos alegados no sistema informático Fides/expedient-e e acreditados documentalmente polos profesionais antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Os/As participantes non deberán presentar ningunha documentación acreditativa de méritos que xa consten validados na aplicación informática. Non obstante, a administración poderá requirir en calquera momento a achega de documentación complementaria demostrativa de calquera requisito ou mérito aínda que conste validado.



Valoraranse os méritos causados ata o día inmediatamente anterior ao da publicación do anuncio da convocatoria no DOG e que sexan acreditados dentro do prazo de presentación de instancias.

### **Quinta. Prazo e lugar de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes será de quince días, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da presente convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

As solicitudes presentaranse, xunto coa documentación a aportar sinalada na base cuarta, preferentemente no Rexistro da Área Sanitaria da Coruña e Cee, e, así mesmo, poderán presentarse por calquera dos medios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Será causa de inadmisión no citado procedemento de provisión a presentación extemporánea da solicitude polo/a interesado/a.

Os/As aspirantes quedan vinculados/as os datos que fixesen constar na súa solicitude. O domicilio que figure na mesma considerarase como o único válido a efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva do/a candidato/a tanto os erros na consignación do mesmo como a falla de comunicación de calquera cambio de domicilio.

### **Sexta.- Admisión de aspirantes.**

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, o órgano convocante ditará resolución, que se publicará na páxina web do Servizo Galego de Saúde e na páxina web do Espazo do Profesional, e na cal se declarará aprobada a lista provisoria de admitidos/as e excluídos/as, así como as causas da súa exclusión.

Os/As aspirantes excluídos/as disporán dun prazo de 5 días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto ou defectos que motivasen a exclusión.



Transcorrido este prazo, a Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee resolverá as reclamacións presentadas e publicará a relación definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as do proceso.

### **Sétima. Resolución**

A convocatoria, previos os informes que se consideren precisos, será resolta pola Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee, ditando a tal efecto a Resolución correspondente, cos nomeamentos, de ser o caso, dos/as aspirantes seleccionados/as, ou ben coa declaración como deserta da convocatoria, se non concorresen aspirantes idóneos/as para o desempeño dos postos convocados.

A Resolución da convocatoria será publicada no Diario Oficial de Galicia.

### **Oitava.-Toma de posesión.**

Os/As aspirantes seleccionados/as deberán cesar na praza que desempeñen dentro dos tres días hábiles seguintes a aquel en que se publique a resolución no Diario Oficial de Galicia.

A toma de posesión dos postos de traballo adxudicados deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao do cesamento. Para estes efectos, entenderase por praza desempeñada a efectivamente ocupada, con independencia de que sexa en condición de destino definitivo, adscrición, destino provisional ou comisión de servizos.

Se así o permiten as necesidades do servizo, e por petición motivada dos/as interesados/as, os prazos a que se refiren os parágrafos anteriores poderán ser prorrogados polo órgano convocante.

O prazo de toma de posesión e a súa prórroga terán a consideración de servizo activo, percibíndose os correspondentes haberes de conformidade co que estableza a orde sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica.



Entenderase que solicita a excedencia voluntaria por interese particular, e será declarado/a nesa situación polo órgano competente, quen non se incorpore ao posto adxudicado no prazo establecido.

#### **Novena.- Cesamento.**

Os/as profesionais nomeados/as poderán ser cesados/as pola Xerencia por causas sobrevidas, derivadas tanto dunha reordenación da estrutura xerárquica da institución como da falta de capacidade para o desempeño do posto.

O cesamento virá precedido dun procedemento que garanta a audiencia ao/á interesado/a, sendo informados os representantes do persoal.

#### **Décima.- Normas xerais.**

A publicación dos actos e resolucións que se diten na tramitación deste procedemento realizarase na páxina web do Espazo do profesional e na páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es))



## ANEXO II

---

<b>Denominación dos postos:</b>	<b>XEFE/A DE SERVIZO DE ATENCIÓN PRIMARIA DE ARTEIXO.</b> <b>XEFE/A DE SERVIZO DE ATENCIÓN PRIMARIA DE O CASTRILLÓN</b>
<b>Características:</b>	Os postos convocados dependerán organicamente da Dirección de Atención Primaria da Área Sanitaria da Coruña e Cee. O desempeño dos postos non ten carácter de dedicación exclusiva, polo que se manteñen as funcións asistenciais propias da praza básica dos/as profesionais adxudicatarios.
<b>Funcións dos postos:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Distribuír e repartir as tarefas e responsabilidades entre todos os membros do Servizo.</li><li>• Velar polo cumprimento dos obxectivos e planos de actuación programados polo Servizo, garantindo o seu cumprimento.</li><li>• Harmonizar os criterios organizativos do conxunto de profesionais sanitarios e non sanitarios do Servizo.</li><li>• Facilitar e posibilitar a consolidación do Servizo, así como o diálogo e a comunicación entre os profesionais do mesmo.</li><li>• Ostentar a representación do Servizo ante a Comunidade, as institucións e os servizos sanitarios e sociais da zona.</li><li>• Participación nos procesos de avaliación da actividade ou competencias que se establezan para o persoal do servizo ou unidade, cumprimentando os datos ou cuestionarios que resulten precisos para estes efectos.</li><li>• Todas aquelas funcións que se determinen para a mellor planificación, organización e funcionamento do Servizo</li></ul>

---



### ANEXO III

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN PARA A PROVISIÓN DUN POSTO DE XEFE/A DE SERVIZO DE ATENCIÓN PRIMARIA DE

-----

PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA: 26/05/2026	RESOLUCIÓN DO 14 de MAIO de 2026	DOG nº 96
---	----------------------------------	-----------

**DATOS PERSOAIS:**

APELIDOS E NOME	DNI
DATA DE NACEMENTO	DOMICILIO
LOCALIDADE	PROVINCIA
TELEFONO	

**DATOS PROFESIONAIS:**

VINCULO XURÍDICO	DATA NOMEAMENTO CON PRAZA EN PROPIEDAD
CATEGORÍA	SITUACIÓN ADMINISTRATIVA
CENTRO DE DESTINO ACTUAL	

**SOLICITO:** Ser admitido/a á convocatoria de Xefe/a de Servizo de Atención Primaria de \_\_\_\_\_, para o que se achega a seguinte documentación:

- Documento de identificación: fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que acredite a identidade, debidamente compulsados.
- Copia compulsada do seu nomeamento como persoal estatutario fixo ou certificación acreditativa de tal condición.
- Certificación acreditativa dos servizos prestados en institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde, na que conste a categoría profesional e as datas de prestación de servizos.
- Certificación acreditativa de encontrarse en situación de servizo activo na Área Sanitaria da Coruña e Cee.
- Currículo profesional que incluírá a documentación acreditativa dos méritos alegados.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2026

Asinado